

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución pola que se inscribe no rexistro e se da publicidade ao acordo relativo á prórroga da ultraactividade do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña*

Visto o acordo relativo á prórroga da ultraactividade do convenio colectivo do sector de Hostalería da provincia da Coruña, (código de convenio 15000745011981), publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña o 30 de agosto de 2013, que foi suscrito pola comisión negociadora na xuntaza do 30.03.2017, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLVE:

1.º.–Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 5 de abril de 2017

O Xefe Territorial

Isidoro Martínez Arca

#### Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Hostalería da Provincia da Coruña

En Santiago de Compostela, sendo as 10.00 horas do día 30 de marzo de 2017, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnese a Comisión Negociadora do Convenio colectivo de Hostalería da provincia da Coruña, coa presenza das persoas que se sinalan a continuación:

#### Parte empresarial:

Ramón García Seara (Asociación de Hostalería Compostela)

Alfonso Lara Faro (Hospeco)

Rafael Benito Cases (Hospeco)

Marcos Castro Santa Cruz (Asociación provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña)

Esteban Iglesias Martínez (Unión Hotelera de Compostela)

Emilio Vázquez Rey (Asociación de Hostalería Ferrol y Comarca)

Carlos Cruzado Maqueda (Unión Hotelera de Compostela / Hospeco – Asesor)

#### Parte Sindical:

Roberto Alonso Iglesias (CIG)

Laura Iglesias García (CIG)

Carlos Varela Souto (CIG)

Ramón Vázquez García (CIG)

José Antonio Boullosa Gómez (UGT)

Alejandro Expósito Alonso (UGT)

Ángel Fernández Pintor (UGT)

Jesús Mosquera Rivas (UGT)

Fernando Amaro Caamaño (UGT)

José Manuel Orjales Muíño (UGT)

José Francisco Mirás Pérez (CC.OO)

Juan Zas Candame (CC.OO)

Logo das oportunas deliberacións e debate, acádanse o seguinte acordo:

**Primeiro:** Esta Comisión Negociadora acorda a prórroga da negociación que outorga vixencia ao Convenio Colectivo de Hostalería da provincia da Coruña ata o 30 de abril de 2017.

**Segundo:** Esta Comisión Negociadora habilita ao funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, Don Ignacio Bouzada Gil, ao efecto da realización dos trámites de rexistro, depósito e publicación ante a Autoridade laboral do acordo recollido nesta Acta.

Non habendo máis asuntos que tratar asinan a presente Acta, no lugar e data enriba sinalados, todos os asistentes en proba de conformidade.

2017/2885